



NASEIROS



Eduardo Parada
Manolo Parada

A lagosta, o lumbrigante e os mariscos en xeral foron dende sempre parte e arte da dieta alimentaria humana, sinxelamente. Pero non hai tantos anos que comenzaron a ser considerados alimentos especiais, do xeito no que hoxe os coñecemos. Nos castros celtas todos temos oído falar dos cuncheiros, onde se botaban os residuos en xeral pero nos que loxicamente perduraban as cunchas dos bivalbos sobor de todo; e perduran aínda na actualidade. Os romanos, grandes fornecedores do bo xantar e mellor beber, mitificaron mariscos como a ostra polas supostas propiedades afrodisíacas; e pouco máis. E é que estes non eran alimentos doados de conservar, nin salgados nin curados. Logo se estragaban e, salvo os bivalvos, que se apañaban na praia, o resto eran difíciles de pescar e tamén de comer, caso dos crustáceos.

No tocante á lagosta e ao lumbrigante, probablemente fora non moito antes do comenzo do século pasado cando se comenzou a súa pesca especializada e, consecuentemente, a venda exclusiva no litoral das Rías Baixas. No Cantábrico xa había algúns anos que a lagosta se vendía e exportaba, principalmente a Francia. Pero un dos portos pioneiros deste tipo de pesca, como se sabe, e do marisco en xeral, foi o de Ogrove. Nunca se pescou, sobre todo a lagosta, de xeito abundante. E de feito a explotación dos caladeiros destes crustáceos non se estendeu nen no tempo, nen no espazo, por dicilo dalgún xeito. De feito non durou no tempo máis alá de corenta ou sesenta anos, e o espazo tivo que ser renovado moi a cotío ao longo deses anos polos buscadores do cada vez máis preciado bocado.

Tal espazo ímolo situar neste caso entre Fisterra e Silleiro, esencialmente, con centro de operacións maioritario no porto meco e con unha flota de embarca-

cións de entre catro e oito metros de cumprimento, que se movían a remos e a vela con unha media de dous homes e un rapaz, na primeira corentena do século XX. Nos anos 40 incorpórase algún motor, un metro ou dous máis de barco e outro rapaz ou mozo. Os homes adultos estaban en combate, mortos, desaparecidos ou exiliados. Este pequeno incremento en potencia e tonelaxe permitiu sobrepassar máis a miúdo os límites reseñados, e en certa medida dar o golpe de graza e chegar case á extinción ata a data dos precitados bichos no noso mar.

¿Por que unha maquinaria tan arcaica como eran unhas dornas e uns racús a motor e a vela, de obradoiro artesán, con catro nasas de vimbio e despois de pau, que botaban seifas (campañas) de non máis de tres ou catro meses no verán e tiñan que buscar abeiro en canto se acendía un bafo de vento ou unha vaga de mar, acabou en tan pouco tempo co sustento estial? A explicación require de voz experta e casuística estudada, mais non é difícil entender se pensamos que se trata dunha especie de crecemento lento, que demora uns cinco anos dende o estado larvario ata chegar á talla de 25 centímetros con tres cuartos de quilo; maduración sexual tardía, duns catro anos; postas escasas, cada dous anos, e relativamente pobres, con uns 30.000 ovos máximo (a nocra, máis coñecida como nécora, pon uns 200.000, e a centola uns 150.000; e ata dúas veces ao ano nalgúns individuos). O bo dura pouco se é bo e non vai en frasco pequeno.

A lagosta, *Panilurus Elephas*, vive en case todos os mares do mundo nas súas diferentes variedades, pero dase quizais mellor e reproducese máis en augas tropicais. É bastante lonxeva, e medra mentres vive. Nas nosas costas pode chegar aos doce anos e acadar un



peso de entre catro e cinco quilos, con uns sesenta centímetros (sen contar as antenas). Aliméntanse de materia orgánica e animais mortos, e aínda que é fundamentalmente carroñeira tamén come moluscos, bivalvos, peixes e algas. Ten unha visión moi limitada, polo que emprega as antenas para detectar alimentos e orientarse. Vive en zonas rochosas, desde os 10 aos 250 metros de fondo, e é de costumes diurnas. De feito, a súa pesca con nasas practicábase de día, entre manexo e solpor. Para alimentarse, desprázase cara a diante e cara atrás, plegando a cola violentamente para fuxir (este movemento recibe o nome de cuada).

A lagosta ten os seus principais depredadores nos polbos e demais cefalópodos na época xuvenil, e nos peixes en xeral no período larvario. A súa cor habitual vai de rosada a parda, non pasando do primeiro se vive en zonas profundas. As súas tenazas son curtas e as antenas longas, formadas por aneis articulados. Ten dez patas rematadas en pequenas pinzas, as dianteiras. No inverno emigra a augas profundas, e da primavera ao outono achégase á costa para aparearse e desovar, caso que aproveitan os pescadores. O lum-

brigante, *Homarus Ganmarus*, é de características similares á lagosta. As variacións máis notables son a coloración, de tons azulados máis escuros no lombo; as tenazas máis grandes, coa esquerda maior que a dereita; e as antenas máis curtas. Poden chegar a oitenta centímetros e doce quilos. Viven no Atlántico norte e Mediterráneo, entre os dous e os cincuenta metros de fondo. Apenas emigran, e son de costumes nocturnos. Péscanse de noite, entre solpor e manexo, aliméntanse de moluscos crustáceos, dalgún peixe e de ourizos. A súa posta é anual, de 10.000 a 30.000 ovos.

No mar. Alquitrán, breu e aceite de liñaza

Siño Pepe o Triñáns, nado polo ano 15 do 1900, foi armador e patrón dun racú duns 7,5 metros nos seus comezos. No decorrer da súa vida profesional tivo outros barcos e xubilouse co *Amazon*, de 10,5 metros, a motor e popa de parrulo. Con seu pai, nunha dorna meca de 16 cuartas, traballando con rascas a centolla e o lumbrigante, ten chegado a Camelle, a finais dos anos 20. No seu racú *Marlui*, a comezos dos 30 pescaban lagostas con nasas de vimbio, nos Mesos e Isqueiros 42° 30,5'N /8°56'W, nos Carrumeiros, 42° 27,5'N/8° 59,5'W e nas Figueiras, 42° 26,7'W (Ría de Arousa). “Xa se ía tamen á costa de Oia e máis alá de Fisterra, a remos e a vela, e botabamos ata un mes sen ir á casa. Traíanos mudas limpas a enviada, que era como chamaban á embarcación que ía á venda. Era unha vida moi dura, e andabas sempre mollado e con arrecendo a alquitrán e a breu de durmir debaixo da tilla, e tamén a aceite de liñaza do que se lle daba á roupa de augas”.

*Cando fun no vento, na onda que do mar aflora.
Cando vin con vento, en salseiro do mar de fora.*

Fisterra, meridiano cero

Os homes de antes contábannos aos rapaces que os vapores que ían para América collían rumbo en Fisterra para facer a travesía sen perdérense. Tamén nos dicían que Fisterra era a fin do mundo. Eu, que era un neno, pensaba que ao chegar a onde se acababa o mundo caíase nun pozo onde tiña que haber moitos barcos perdidos. Siño Juan o Tejiño naceu polo ano 1925 e contounos o que segue:

“Aos 9 anos xa ía ao mar. Comecei de rapaz escollendo cadelas (ameixas) andando ao rasto. Dábanme dous reais (50 céntimos de peseta) cada día. Non era parte nin quiñón, era un “changuí” (propina) polo xornal de traballo. Á escola ía de noite, e aos 12 anos



Racú do Grove cargado de nasas en Baiona.



xa me daban un quiñón (unha cuarta parte).

No verán seguinte fun con meu pai e meu irmán Manolo ás lagostas con vinte nasas de encartar feitas de barrotes e rede encascada, nunha dorna de nove cuartas, feita polo Esperanceiro no Grove, de nome María. A primeira recalada foi en Cabo Silleiro, faciamos mareas de quince días, durmiamos os tres debaixo da tilla e cociñabamos a bordo sobre unha lousa que colocabamos no panel de meio. Acendiamos o lume encandilando con faísca (viruta) que faciamos co coitelo de torar o isco, e nunha vara disposta entre a tilla e a cadeira apoiabamos un pau entallado no que pendurabamos a caldereta, cambiando de entalla según conviñese achegala máis ou menos ao lume para facer o rancho.

Para fondear a pasar a noite, buscabamos na costa o abrigo dalgún con, no porto de Oia ou polo sur de Cíes, se estaba o mar chan perto de terra. Se andaba mar teso (mar de fondo) había que levantar a poutada e manterse ao pairo, ou capear fóra da costa. Tamén temos pasado a vela (velada) moitas veces debaixo do faro. Alí hai unhas pedras que lle chaman A Carral onde fondeabamos moitos do Grove.

Estes mares eran moi frecuentados polo *Rons*, que era un dos barcos máis grandes dos que andabamos ao oficio, tipo racú de dez metros, e outros coma o *Anduriña* ou o *Esmigusto*. Cando fun mozo, meu pai mercou unha dorna rasqueira de segunda man, a *Esperanza*, de catorce cuartas (uns sete metros) feita por Antonio Camaño. Era moi lixeira, como adoitaban selo as dornas feitas por este home. Bogando remo a couso (babor) non lle tiñamos envexa ás de nove cuartas. Con esta dorna aparelamos coas vinte nasas de encartar e outras vinte fixas, francesas, de listóns con rede nas cabezas do cilindro. A bola ou boca ía no corpo, na zona oposta ás pedras de fondeo, e tamén era de listóns. Estas nasas presentaban as súas dificultades para navegar a vela, salvo en popa. De todos os xeitos a comodidade e seguridade era notable con respecto a *María*.

Uns anos despois tivemos un racú: o *Mascato*, a remos e vela. Pero pouco tempo despois xa mercamos o *Mª Teresa*, de 40 cuartas de quilla, o que equivale a uns dez metros, con un motor Fiat de 18 cv. Con este barco andabamos a compañía con un tío meu, Francisco. O seu barco era o *Quéreme Algo*, e ese ano fomos botar a seifa (a marea) ao norte. Dunha volta, fondeados en Muxía para facer noite, mentres uns fomos a terra outro compañeiro quedou a facer a caldeirada de lagostas. Á volta fixámonos que a unha só



Dornas e racú mecos en Vigo no 1925.



O *Rons*, na procesión das festas do Carme do ano 1957.



Imaxe dun racú coa cachola armada na proa.



lle quedaba a cabeza, e el contounos que estaba viva e ao pola na auga quente recuou e quedoulle a cabeza na pota.

Pescábase ben daquela, nesta marea, con sesenta nasas entre nós e o *Quéreme Algo*, demos cinco lances no día e tomamos (pescamos) un cento de lagostas, sobre 200 quilos, polo sur de cabo Touriñán. Estes non eran mares tan coñecidos para nós, e había que traballar moito o sebeiro para sondar as beiradas da pedra.

Dúas veces á semana, os luns e venres, viña un coche e levaba o marisco para a venda a Coruña, dende Muxía, onde faciamos víveres e leña. O *M^a Teresa* foi vendido en Portonovo para a ardora, e mercamos o *Teijiño pequeno*, de 36 cuartas (9 metros). Deixámoslle o mesmo motor do *M^a Teresa*. Con este barco chegamos a traballar ás Sisargas. Levábanos do Grove a Muxía unhas nove horas, e de alí ás Sisargas catro horas e media.

Tamen andabamos a compañía co *Chanteiro*, racú con motor da mesma eslora, máis ou menos. Levabamos trinta nasas cada un, amais tiñamos vela para navegar con vento e sen nasas. Cando traballabamos no sur, un ía á venda e aos víveres a Vigo mentres o outro lanceaba.

A veda da lagosta abríase de maio a setembro, ambos incluídos. Nos anos 50 comezou a escasear e puxérona só tres meses, dende xuño, e nos finais dos 50 un únícomes. O resto da seifa andabamos ao lumbrige,



Siño Juan O Teijiño.

gante, que coa escasez da lagosta colleu máis valor. Traballamos así ata mediados dos 60, cando xa non cubría ir ao oficio. O lumbrige traballábase de noite, en menos fondo e mesmo no interior das rías. A lagosta comía mellor de día e en maior profundidade, mesmo no limpo de fondo algo fangoso.

O último barco que tivemos foi o *Nuevo Teijiño*, feito no Cabo da Cruz e botado no 1962, de 38 cuartas (9,5 metros), e con un motor Perca de 24 cv. que era do Chanteiro. Aínda andamos nel ao oficio no ano 1964. Temos levado ata 90 nasas francesas, xa coa rede de nylon, enriba da ponte de goberno e penduradas das forquillas por fóra das bordas. Xa se pescaba pouco e había que correr moito mar. Temos ido dunha tirada de Cabo Vilano ata A Guarda. O mar era así. Ah!, e en Fisterra non había pozos con barcos no fondo, pero de alí para terra debía ser leste e para o mar oeste”.

Vixía na noite e vela, en remanso da leve estela, que ventiño maino non arreda, da derrota de mar que leva.

No mentideiro do Cuncheiro

-Eu sei cando hei de morrer -dixo Siño Folgada.

-Que carallo has de saber ti -repuxo O Martuxo.

-Que si, eu sei cando hei de morrer.

Traballando coas nasas das lagostas temos fondeado en Canido nalgunha ocasión. Andabamos no meu barco; era un racú pequeno de doce cuartas (uns 5,5 metros de cumprimento). Iamos dous homes e un rapaz con trinta nasas de encartar, a remos e a vela. Cada 15 días viñamos á casa. Ás veces por terra se había mala sazón. As dornas varaban moito na praia do Cocho, segundo comentou O Sanfuñeiro. Eu andaba na *Saballa* de 16 cuartas; era unha das máis grandes, de calime (uns 8 metros).

Deixabamos as nasas en Cíes ou en Oia, segundo onde traballáramos. Estorbaban moito para navegar porque as levabamos armadas. Iamos vender ao Berbés. Cando varabamos no Cocho para vir á casa iamos cruzando ata Bouzas. Por aqueles descampados non había nada. Só unha fábrica de salgazón na punta do muíño, que despois foi fábrica de conservas e matadeiro, (hoxe Museo do Mar). Dende Bouzas colliamos o tranvía ata a estación, e de aí iamos en tren a Pontevedra e no coche de Lamelas (autobús) ata a casa. Botabamos todo o día do sábado para chegar.

O domingo despois de xantar iamos de volta, con mudas de roupa limpa e pan fresco; se se tiña cocido no



forno de millo, e se non de broa. Chegabamos de noite, aínda que era verán. Pasabamos moito medo por aqueles descampados de Alcabre de atoparnos coa Garda Civil, porque daquela arreábanche por menos de nada e por alí cando foi da guerra fusilaran a moita xente que quitaban das casas de noite.

Na chea botamos as dornas ao mar fora á hora que fora, e despois había que ir a Vigo mercar o isco e de seguido para o mar, sen durmir, e largar o lance do día antes do amencer.

Aqueles eran tempos, moitas calamidades temos pasado na costa de Oia, e tamén fame. Se non había tempo para botar unha liña e tomar a caldeirada algúns patróns ruíns poñían para xantar os iscos usados, tal e como comentou O Carrasco.

Cando as néboas rascaban a barriga polos montes da Grova e o Galiñeiro e o vento suaba auga doce, había que fuxir daquela costa.

*Vixía na noite e vela, en derroteiro aferrado
E dá fondo á xornada abatida, no aveiro da calma
soñada.*

Entre mar e mar, fai abrigo

Paquito o Venturiña, mariñeiro e patrón de litoral nado no 1932, andou ao mar dende neno, desde os finais dos anos 30 ata comezos dos 2000. Contounos como pescaban as lagostas e lumbrigantes na *Francisca*, dorna de calime de trece cuartas, con corenta nasas de encartar.

“Á lagosta traballabamos de día, alá polos anos 40. Dábamos dous ou tres lances de tres horas durante o día, e o tempo entre eles dependía de se cambiabas de mar (posta ou caladeiro). O mellor lance, cando máis se pescaba, era o que quedaba toda a noite dun día para o outro. Ao levantar este primeiro lance iscábase de novo.

Andabamos desde A Goeira e Cabo Vicos ata Os Viduidos e Cabalo de Cíes. Tamén traballabamos por Ons a Onza, cabo Udra o Cabalo de Aldán e a costa de Soavela. Para o lumbrigante lanceábase de noite. Iamos vender a Vigo cada dous ou tres días, os prezos andaban sobre 12 pesetas o quilo de lagostas e a 4 ou 5 pesetas o quilo de lumbrigante entre o ano 1940 e o 1942. Os centolos nesta época aínda se vendían por ducia. Se mareabamos o lumbrigante, polos Ramiños, que teñen marca de Sur, Cabo Vicos a Silleiro e marca de Leste, o Cabalo de Aldán a un piorno que había en terra. As Cabadas, con marca de Sur, a beirada NW do


alto da Crus a Cabo Home e marca de Leste, a punta Preguntoiro a beirada Norte do monte Liboreiro. Os Fachos, marca de Norte, cabo Udra o alto da Armenteira e marca de Leste, punta de Couso o alto do Liboreiro. As Degoladas, etc.

Traballando nas Figueiras, Zacarías a de Brisan e a Langosteira se pescabamos ben ás veces iamos á venda no día. No Grove atracabamos na Barrosa, e levábase a pesca por terra. O marisco mantíñase vivo en gaiolas de madeira con boureles dentro para que se mantiveran a flote e que fixeran de recheo.

No mar de Ons faenábase na Freitasosa, Magalan, Monte Seco a Minguella, Suances e a Porta. (Postas situadas polo Oeste e Suroeste de Ons e a Onza).



A tripulación do *Xon número 3*, nun momento de descanso.



Unha instantánea tomada a finais dos anos 70 no Grove.



As corenta nasas aparellábanse en dúas caseas de vinte, con 7/8 brasas de fame entre cada unha. Pola tarde cando entraba a garroa (vento do mar, fresco a duro) metíámonos en Fedorentos ao abrigo. Se había que cambiar de posta, facíase con calma a remos ou a vela en popa, xa que coa meda de nasas a bordo non había modo de navegar de bolina.

Para ir á venda ou a terra deixabamos as nasas nos muelles das illas ou nas praias de curro en Ons ou na de Rodas en Cíes. Se traballabamos nos Ramiños quedaban en Couso.

Iscabámoslle xurel máis habitualmente, pero tamén era doado encarnar con faneca ou berete que pescabamos a liña. O rancho facíase na lousa cosedoira a base de peixe que tomabamos pescando a liña. Eran, principalmente, fanecas, lavancos, e algun boi. Tamén lagostas que morrían ou viñan chocas do polbo, congro seco ou maragotas curadas que preparaban en Ons e en Noalla e que cambiabamos por peixe fresco. Todo acompañado de algunha pataca ou arroz e refervido as máis das veces, que aceite non había.



Siño Paquito O Venturiña.

A lagostas vendíase en Vigo. Temos coincidido oito ou dez barcos do Grove á venda entre racús e dornas, a vela e a remos. Tamén había algún motor gasolino. Se facía mal tempo esperabamos un día ou dous e conqueriamos prezo de ata 15 pesetas cada lagosta.

A este oficio andabamos barcos do Grove. Primeiro con nasas de vimbio máis grandes que as da nécora. Despois viñeron as francesas, que eran de barrotes con forma de tubo. Despois fixéronse recubertas de rede con estrutura de barrote. As de encartar utilizáronse antes por mor de que os barcos, dornas e racús eran máis pequenos.

Os franceses traballaban máis a fóra, con balandras dun mastro de doce ou quince metros de eslora. Tiñan maquinaña de virar que lles facilitaba pescar en máis agua (fondo). Ás veces fondeaban en Fedorentos para pasar a noite e mandaban o marisco en barcos con viveiros. Nós alabamos a man, pasando o calamento da casea por unha polea montada na proa á que lle chamabamos “cachola”.

Na medida que foi escaseando nos nosos mares fomos baixando ás costas de Oia e A Guarda. Mesmo nos temos metido en augas portuguesas, maiormente barcos a motor. Pero a patrulleira *Corvina* facíanos estar moi alerta e ás veces escapar deixando as artes no mar. Nos anos 50 os da Guarda comenzaron a pescar con miños de tres panos. Era moi perigoso navegar coas nasas a bordo con mal tempo, pero menos mal que entre mar e mar fai abrigo”.

*Cando fun no vento do mar de fóra,
alento entre mar e mar collía
entre mar e mar moraba
entre mar e mar, do mar vivía.*

Teñen chegado a unha flota de vinte embarcacións do Grove entre dornas e racús a remos, vela e motor, nos anos 40 e 50. Tamén nos falaron dalgún barco de Ribeira, de Bueu e de Baiona; non máis de dous ou tres barcos de cada un destes portos. Nos anos 1966 e 1968 a empresa Pescanova, recén formada, mercou centos de nasas no Grove para explotar caladeiros africanos coa pesca da lagosta, levando técnicos de pesca do noso porto como foron os Xons.

Agradecementos a estes homes que nos axudaron a saber máis de nós.